

## ASEMBLEA EN COMÚN ORDINARIA

Data: Luns 20/06/2016

Lugar: Espazo en Común

Hora de inicio: 19:30h

Hora estimada de remate: 21.30h

---

---

### ORDE DO DÍA

---

---

#### **1. Información das Áreas e GTs:**

##### **1.1 Relato e análise**

Traballando na Mesa da Auga e nos Orzamentos Participativos aínda que se está a estudar a pertinencia e a oportunidade de que sexa OUC quen faga este traballo.

##### **1.2. Comunicación.**

- Páxina web. No epígrafe de Legal

- Outros: solicitan se estude a posibilidade de contratar reportaxes gráficas puntuais (fotos e video roldas de prensa, etc.. Este é un tema que ten o mesmo tratamento que calquera outra solicitude de contratación de servizos puntuais de profesionais (PXOM,...)

##### **1.3 Barrios**

Neste momento o único barrio activo é o da Ponte. Entre as actividades desenvoltas cómpre salientar o cuestionario para comerciantes (en proceso) e a recollida de sinaturas para a mellora da rúa Ribeira de Canedo.

Dende Coordinación súxírese a necesidade dunha persoa responsable de Barrio.

#### 1.4. Espazo

A programación achégase cada semana de xeito puntual. Xa está deseñado un formulario para a solicitude de actividades a desenvolver no Espazo.

#### 1.5. Apertura

- Marea Viva Mareas en Común (05-06-2016. Pontevedra).

Comentan que a partires das 21 propostas presentadas para os 4 documentos base chegouse a un consenso e posterior aprobación dos mesmos. Desenvolverase un cronograma de actividade a partires do 27 de xuño

- Rede Ou (04-06-2016. Punxín). Mandouse a acta, que será reenviada pola rolda.

- Apoio manifesto abrindo fronteiras.

: OUeC asistiu a 2 das 3 reunións realizadas . Lugo e Ourense farán a manifestación programada para toda Galiza o luns 20 en lugar do domingo.

- Outros. Chegou unha convocatoria para crear Marea na Cañiza

#### 1.6. Coordinación.

- Reunión Institucional - Extitucional.

O pasado xoves, día 16 de xuño, tivo lugar a primeira reunión Institucional-Extitucional na que se fixou a estrutura e as reunións periódicas os 1º e 3º luns posteriores a cada pleno. Crearase unha canle Telegram interna, conformada polas persoas activas en OUeC, para comunicación e solicitude de participación en aqueles actos nos que sexa convidada OUeC. A natureza destas reunión será aberta con función de debate e estratexia política.

<https://titanpad.com/Nkp4rkmkDN>

#### 1.7. Legal, Finanzas e Loxística

Últimas compras realizadas: o equipo de megafonía portátil e o taboleiro. Este último será entregado ao Grándola , xa que por razóns climatolóxicas o que no seu momento lle fora prestado a OUeC quedou deteriorado.

Con respecto ao tema da Web, estase pendente de obter os datos da persoa de contacto con Saramaganta. Foi adquirido o dominio ourenseencomun.gal

#### 1.8. GT Aniversario.

Avaliación positiva e parabéns ao traballo audiovisual realizado polo autor dos videos. Botouse en falla unha maior participación e debate por parte do público asistente. Outra crítica é a relativa ao solapamento de varios actos de interese para OUeC nese día.

## 2. Varios

- Proposta de modificación do documento de **Toma de Decisións** en base ás propostas realizadas no Repensar. Toda a información no seguinte enlace

\* <https://drive.google.com/file/d/0B9tE1aM0mZNCNXlqcTFXOXVIVmM/view?usp=Shawn>

- Proposta de modificación do protocolo de Asemblea aberta á cidadanía. Info no seguinte enlace: <https://titanpad.com/1wuvP9A9By>

Na primeira quincena de setembro farase unha Asemblea monográfica sobre o tema á que se levarán as dúas propostas máis os documentos que xurdan da análise que un grupo (en principio composto por Javier, Sharly e José Antonio) realizará da documentación derivada do proceso do Repensar

- Evolución dos feitos nestas semanas arredor do tema das confluencias e en particular do encontro do día 7 das mareas en común e do día 15 de en marea, por unha beira, e por outra, a convocatoria dunhas eleccións xerais para o próximo mes.

- Creación do GT Mareas en Común. Xa se decidira nunha Asemblea anterior desbotar esta iniciativa

- Proposta: actividades de verán- organización eventos con Escua

ver a viabilidade de realizar alguna actividade.

- Proposta: adiar próxima AeC ordinaria a setembro. En agosto non haberá Asemblea ordinaria e a de xullo quedará a criterio de Coordinación, que non se realizará de non existir contidos suficientes